

O BLUES DE BEALE STREET

[Barry Jenkins, 2019]

479

ESTREA EN NUMAX: 25.01.2019 | V.O.S.E. | +12

If Beale Street Could Talk (2018, 117')

Dirección: Barry Jenkins

Guión: Barry Jenkins (Novela: James Baldwin)

Elenco: Kiki Layne, Stephan James, Diego Luna, Pedro Pascal, Teyonah Parris, Regina King, Colman Domingo, Brian Tyree Henry, Ed Skrein, Michael Beach, Emily Rios, Finn Wittrock, Dave Franco, Aunjanue Ellis, Faith Logan

Música: Nicholas Britell

Montaxe: Joi McMillon, Nat Sanders

Dirección de arte: Robert Pyzocha, Oliver Rivas Madera, Jessica Shorten

Vestuario: Caroline Eselin

Son: Timothy R. Boyce Jr.

Fotografía: James Laxton

Produtora: Annapurna Pictures, Pastel, Plan B Entertainment (EEUU)

Distribuidora: eOne Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.00:1

Idioma orixinal: Inglés, español

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 2019 (Nomeado a mellor actiz secundaria, guión adaptado e banda sonora), Globos de Ouro 2019 (Mellor actiz de reparto —Regina King—), Mar del Plata 2018 (Premio do Público), Toronto 2018 (Mellor actiz de reparto —Regina King—)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Moonlight, 2016

King's Gym, 2012 [curtametraxe]

Chlorophyl, 2011 [curtametraxe]

Tall Enough, 2009 [curtametraxe]

A Young Couple, 2009 [curtametraxe]

One Shot, 2009 [curtametraxe]

Medicine for Melancholy, 2008

My Josephine, 2003 [curtametraxe]

Little Brown Boy, 2003 [curtametraxe]

SINOPSE

Baseado na novela de James Baldwin, *El blues de Beale Street*, o filme segue a Tish, unha muller de Harlem embarazada e recién prometida que loita contrarreloxo para demostrar a inocencia da súa parella.

“Fermosa e romántica na súa melancolía e sublime na súa rabia”

Tim Robey, THE TELEGRAPH



O BLUES DE BEALE STREET

[Barry Jenkins, 2019]

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

O noso legado

James Baldwin

Beale Street é unha rúa de Nova Orleans onde naceron o meu pai, Louis Armstrong e o jazz.

Cada persoa negra nacida en América naceu en Beale Street, naceu no barrio negro dalgunha cidade americana, xa sexa Jackson, Mississippi ou no Harlem de Nova York. Beale Street é o noso legado. Esta novela fala de imposibilidade e da posibilidade, da absoluta necesidade de dar expresión a este legado.

Beale Street é unha rúa ruidosa. É cousa do lector discernir o significado do bater dos tambores.

Se Beale Street puidese falar...

Por Barry Jenkins

En 2013 marchei cara a Europa escribir unha adaptación de *El blues de Beale Street* de James Baldwin, na esperanza de que algún día puidese ter o privilexio e o permiso de facer unha longa con este material. Cada decisión que tomei para levar este proxecto á pantalla ten a súa orixe no respecto á fonte orixinal e mantense fiel á visión de Baldwin. Os personaxes do texto de Baldwin están definidos con trazos moi concretos, desde Tish a Fonny pasando por cada un dos

seus familiares e amigos: Ernestine, os Hunts, e seus pais Joseph e Sharon.

Entre as dúas relacións de amor que se sitúan na cerna do filme —Tish e Fonny e Sharon e Joseph— hai unha rima amorosa que funciona como o amortiguador que permite á xente negra dar sentido ao mundo e permite que a falsa promesa do soño americano volva coller sentido dun xeito diferente. Transmitir estas ideas —temáticas, intelectuais, emocionais— a través dos actores e os colaboradores detrás da cámara constitúe para min a mellor maneira de honrar o meu autor favorito: James Baldwin.

«O amor tróuxome aquí» é a miña liña favorita da marabillosa novela de Baldwin. É tamén o espírito que nos moveu para facer *O blues de Beale Street*.

Publicado en www.eonefilms.es

Un romance a proba de bombas

Por Yago García ★★★★★

«Os mozos dicían que non valían unha merda e a meirande parte deles críano»: sobre unha montaxe de fotos de Harlem nos 70, a voz de KiKi Layne enuncia esta idea. E o director Barry Jenkins convidanos durante dúas horas a diseccionala mediante a tripla historia dunha acusación, dunha crise familiar e, sobre todo, dun romance que se diría a proba de bombas. Considerábel reto para a terceira longa dun cineasta ao cal as

expectativas deberan pesarlle como unha lousa. Non só porque a vitoria do seu *Moonlight* en 2017 dese lugar ao tropezo máis sonado da historia dos Oscar, senón tamén porque *I Am Not Your Negro* (Raoul Peck, 2016) levou a estatuíña correspondente documentando a vida e o pensamento de Baldwin.

Pero pouco importa iso. *O Blues de Beale Street* conta con virtudes de seu. Deixando aparte as estratoféricas interpretacións e as mostras de personalidade que van camiño de facerse inconfundíbeis (ese intre decisivo no que un personaxe mira a cámara vai camiño de ser un *plano Jenkins*), o director non mente cando fala dos matices de intriga na trama. Se ben a solución ao misterio é o menos importante, o filme deixa caer pistas de abondo para nos facer sumar dous e dous. Por outra parte, mesmo alguén tan refractario ás historias de amor como quen isto subscribe sorprendeuse pregándolle a Jenkins que non lles fixese sufrir tanto a Tish e Fonny.

Semellante recurso á empatía do espectador, capaz de facer que Bertolt Brecht se revolva na súa tumba, tal vez minimize a eficacia d'*O blues de Beale Street* como cinema social, sexa o que sexa iso. Pero facendo énfase no amor (non só romántico) e a solidariedade como ferramentas para resistir a inxustiza, Jenkins abre aquí unha porta á esperanza da que *Moonlight* apenas daba mostra: os esforzos do mundo por facerche crer que es unha merda poden resultar inútiles se alguén ao teu carón che lembra que iso non é verdade.

Publicado en <http://cinemania.elmundo.es>
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

***El blues de Beale Street*, James Baldwin.**

Random House, 2019

***Moonlight*, Barry Jenkins.**

Cameo [BluRay & DVD]

***I Am Not Your Negro*, Raoul Peck.**

Vintage, 2017

***La habitación de Giovanni*, James Baldwin.**

Tajamar, 2018

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

4€
Faito NUMAX!
Abónate agora e ven sempre por